

Os pobos prerromanos na Península Ibérica.

Pobos do sur e do levante, do interior e do occidente peninsular.

Os historiadores agrupan baixo a denominación de pobos prerromanos a aquelas comunidades que habitaban a Península e entraron en contacto con Roma a raíz da conquista. Ao longo da Idade de Ferro (séculos IX-III a.C.), as poboacións peninsulares recibiron influxos exteriores: uns de orixe mediterránea, ligados as chamadas colonizacións fenicia, grega e cartaxinesa; outros de procedencia centroeuropea, asociados a fluxos de grupos indoeuropeos, mesmo célticos.

Os pobos do sur e do levante: os iberos.

Iberia é a denominación que os antigos gregos deron ao territorio peninsular. O adxectivo ibérico serviulles tamén para cualificar aos diversos pobos asentados na franxa costeira entre o golfo de León e o golfo de Cádiz: indixetes e laietanos na Cataluña actual; edetanos, contestanos e mastias no Levante; bastetanos na Andalucía oriental; turdetanos nas terras da lendaria Tartessos (val do Guadalquivir, golfo de Cádiz).

A cultura ibérica desenvolveuse entre os séculos VI e III a.C. Foi o resultado dun longo proceso de aculturación destas poboacións, influídas polo contacto coas colonizacións fenicia, grega e cartaxinesa. Compartían un mesmo tronco lingüístico e algunhas delas posuían unha escritura aínda non descifrada.

A súa economía baseábase na agricultura (cereais, legumes, vide, oliveira) e na gandería (ovellas, cabras, porcos, bóvidos, cabalos). Tamén tiveron importancia a explotación dos recursos mineiros (ouro, cobre, chumbo, prata) e as actividades artesanais (tecidos, cerámica, metalurxia, ourivaría). Ademais, o contacto cos colonizadores mediterráneos estimulou os intercambios comerciais e o uso da moeda.

Algúns dos seus poboados acadaron unhas importantes dimensións e características urbanas. A sociedade ibérica estaba moi xerarquizada. Unha minoría aristocrática controlaba a vida económica, a forza militar e o poder político. Os iberos estaban divididos en numerosas e pequenas entidades políticas. Segundo as fontes antigas, a monarquía estaba moi difundida como forma de goberno, sobre todo no sur peninsular. Pero hai tamén referencias a comunidades rexidas por consellos aristocráticos.

A cultura presenta unha gran riqueza e diversidade. As fontes literarias e os restos arqueolóxicos infórmanos de templos e dun complexo cerimonial relixioso. Identifícanse algunhas divindades (un deus masculino da guerra, unha deusa feminina da fecundidade) e algúns seres fantásticos (xenios alados, esfinges, *bichas*...). Os mausoleos ibéricos, cos seus ricos enxovais e elaboradas esculturas (*Dama de Elche*, *Dama de Baza*, *Bicha de Balazote*), amosan a importancia dos ritos funerarios.

Durante o século III estes pobos foron sometidos polos cartaxineses, primeiro, e polos romanos, despois.

Os pobos do interior peninsular.

Segundo nos afastamos do Mediterráneo, o influxo dos colonizadores diminúe mentres aumenta o peso dos aportes indoeuropeos. No oeste e interior peninsulares as fontes clásicas identifican numerosos pobos, entre os que destacan os lusitanos no centro do Portugal actual, os vetóns e os vaceos na submeseta norte, os oretanos e carpetanos na submeseta sur, e os celtiberos entre o leste da meseta, o Sistema Ibérico e o val do Ebro. Estes últimos engadían á súa lingua de raíz céltica unha serie de aportes ibéricos (cerámica, moeda, escritura, etc.). Os seus poboados amosaban unha nidia preocupación defensiva (emprazamentos elevados, muros defensivos). Nalgúns casos (Numancia, Termes) acadaron considerables dimensións.

A súa economía baseábase nunha agricultura cerealista e na gandería ovina e porcina. Destacaron na metalurxia do ferro e na produción cerámica. Practicaron tamén a bandidaxe sobre os seus veciños.

O sistema de crenzas destes pobos semella emparentado coa relixión céltica. O centro dos seus cultos eran os astros (o Sol, a Lúa, algunhas estrelas) e os espíritos dos bosques, os ríos e os lagos. Non hai constancia de templos nin da existencia de clero. Tense discutido sobre o sentido relixioso dos verróns, rudas esculturas zoomorfas, como os *touros de Guisando*, entre algúns pobos do interior.

Os pobos do norte e do occidente peninsular.

A franxa setentrional da Península entre o Pirineo e a costa atlántica galega estaba habitada por diversos pobos, caracterizados de primitivos e belicosos polos conquistadores romanos: vascóns, cántabros, astures, galaicos.

No noroeste peninsular, nun área que reborda a Galicia actual chegando ata o Douro polo sur e ata o Sella polo leste, desenvolveuse dende o século IX a.C. a cultura castrexa, así denominada polos seus asentamentos característicos, os castros. Trátase de poboados fortificados cun perímetro xeralmente circular ou ovalado, dotado de elementos defensivos (noiros, foxos, muros). No seu interior, distribúense irregularmente as vivendas, de planta circular, muros pétreos e teito cónico de colmo. A economía era basicamente agraria e gandeira, complementada, segundo os casos, pola pesca, o marisqueo e a caza. Destacaron tamén a minería, a metalurxia e unha rica ourivaría (torques, arracadas, brazaletes, diademas). Sabemos pouco da súa relixión politeísta e menos aínda dos seus ritos funerarios.